

Material didáctico primaria e educación especial · 41.º

Concurso Escolar ONCE

concursoescolaronce.es/material-primaria/intervenir/

Intervir

[Descargar PDF](#)

Chega a hora de materializar as boas intencións!

Unha vez que os alumnos e alumnas realizaron as dinámicas previas das fases 1. Previr e 2. Detectar, xa poden, como grupo-clase, comezar a dar forma ás súas propostas.

Organiza aos teus alumnos e alumnas por equipos de traballo e poñede todas as propostas en común para seleccionar a que presentaredes como traballo de participación ao concurso.

A través dun **modelo** baseado no método de Design Thinking, a clase pensará nos **valores que definen o seu equipo**, e iniciará unha **análise e reflexión dos espazos do centro escolar** onde se pode sufrir soidade non desexada.

Así, poderá pensar en **ideas** que produzan unha **solución ao problema**, pensando sempre en **actividades atractivas e inclusivas** para todos e todas, que sumen a todas as persoas, con e sen discapacidade.

[Descargar o modelo](#)

BIBLIOTECA DE RECURSOS.

Se dispós de máis tempo de clase ou se queres afondar máis, deixámosche **varias propostas de actividades sensoriais!** como **xogos para desenvolver a percepción dos sentidos** do tacto, o oído, a vista e o olfacto.